

## Fontes informativas básicas

- 1.- *Hechos* de D. Berenguel de Landoira
- 2.- *Tumbo Vermello* de D. Lope de Mendoza
- 3.- *Crónica de Iria*
- 4.- Libros de Recadación de Afonso de Fonseca II
- 5.- *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*
- 6.- Declaracións do proceso Tavera-Fonseca
- 7.- Catastro do Marqués de la Ensenada: Conxo

Nota: as pasaxes precedidas do signo # ofrécese nunha transcripción simplificada

**Díaz y Díaz, Manuel Cecilio, e outros. *Hechos de Don Berenguel de Landoria, Arzobispo de Santiago*. Santiago: Universidad, Secretariado de Publicaciones, 1983.**

(Ver imaxes)

Sobre a chegada de D. Berenguel a Santiago despois do seu nomeamento:

Estando en Melide, sairon ao seu encontro o Infante D. Felipe e a súa muller, e prometeronlle todo o seu apoio. Naquel momento, Afonso Suárez de Deza tiña baixo a súa custodia, *con promesa garantizada de restituírlas al Arzobispo cuando llegara, la iglesia de Santiago con su alcazar y los castillos de la Rocha Fuerte y de la Rocha de Padrón, el de las Torres de Oeste y el de Xallas. En Melide le devolvió los mencionados castillos pero no quiso devolverle la iglesia con su alcázar.* (p. 91)

Chegado a Santiago, a cidade pechou as súas portas e protexeu con homes armados as súas murallas. Ante esta situación *el reverendo padre, no sin angustia en su corazón, pasando en torno a la ciudad, por parajes apartados, se vio forzado a retirarse al castillo de la Rocha Fuerte, en cuyo recinto fortificado entró fortalecido y animoso el día de Santa Cecilia de 1318* (p. 93).

Desde alí tentou que os composteláns entraran en razón e o recoñeceran como señor da cidade. Estivo ata a véspera de Nadal, cando saíu cara Pontevedra.

Pouco despois de Reis, xa en Padrón, recibiu a visita do Infante Filipe e de Afonso Suárez de Deza, e *celebraron con él una conversación taimada e hipócrita sobre la restitución de la ciudad y de la fortaleza de la Iglesia. Le prometieron que al día siguiente le devolverían la mencionada fortaleza* (p. 93-95). Por este motivo, o arcebispo regresou á Rocha:

*Salió al camino el mencionado Alfonso que, bajo juramento, que después trasgredió, hecho en la iglesia del Milladoiro en presencia de numerosos clérigos y laicos, se reafirmó en que cumpliría todo lo prometido* (p. 95).

Achegouse outra vez a cidade pero novamente negaronlle o paso e posesión da Igrexa así que volveuse ao seu castelo.

**No día da Purificación de 1319 (2-febreiro)**, e en Pontevedra, celebrou a súa primeira misa pontifical e a ela acudiron persoas distinguidas de toda a rexión<sup>1</sup> (p. 95).

---

1 Ao resultarlle imposible tomar posesión da súa igrexa e, xa que logo, celebrar misa como pontífice dela,

Isto enfureceu aos composteláns que ese mesmo día *se acercaron iracundos al palacio arzobispal de la Rocha Fuerte y, una vez que destrozaron completamente las edificaciones situadas dentro de la villa, les prendieron fuego en varios puntos y quemaron por entero las habitaciones del Arzobispo, con lo que los claustros y muchos otros recintos quedaron destruidos*<sup>2</sup>. (p. 97). Landoira volveu á Rocha Branca de Padrón.

O Domingo de Pascua trasladouse á Rocha Forte. *Desde allí sitió la ciudad de Santiago, infiriendo a los ciudadanos daños irreparables, por si de esta manera podía inclinarlos al yugo de la obediencia... el santo varón vio que nada o casi nada conseguía con estos métodos, a pesar de que todo cuanto los vecinos de Santiago poseían en las afueras de la ciudad lo habían destruido sus soldados casi por completo...* (p. 99)

Isto debeu seguir ata xuño pois é entón cando se tomou a decisión de intensificar o acoso, destruír os cultivos dos campos e así evitar que os composteláns puideran recoller as súas colleitas e levalas á cidade (p. 99). Decidiu presionar aínda máis e trasladou ao seu exército á Almáciga e Bonaval (p. 100)

Polo medio, houbo intentos de negociación que remataron cunha entrada do infante Don Filipe na cidade, o que deu aire aos composteláns. *En vista de ello el mencionado padre, con el acuerdo de sus caballeros, volvióse al castillo de la Rocha con sus acompañantes y sus tropas, después de devastar las mieses y arrasar los arrabales de la ciudad y causar innumerables daños a los vecinos* (p. 103).

O arcebispo entrou, finalmente na cidade o domingo 16 de setembro de 1319, aínda que acabou sitiado na catedral. Despois de 12 días de asedio, o **27 de setembro** *salió de su iglesia al crepúsculo, con tiempo muy despacible, inmensamente cansado y afligido, y llegó a hora avanzada al castillo de la Rocha Fuerte.* (p. 107)

Ao ano seguinte, o conflito continuaba; o arcebispo foi á Corte real e regresou a Santiago pola Terra de Deza ata Padrón. O mércores 3 de setembro de 1320, en Padrón, houbo un novo encontro do prelado e Afonso Suárez de Deza, que lle asegurou que a cidade lle

---

D. Berenguel tivo licenza do Papa para facelo noutro lugar. (vd. Sánchez, Sánchez, Xosé M. *La intervención del poder pontificio*).

2 Nota dos editores sobre esta pasaxe: o contexto da a entender que certas edificacións estaban fóra do recinto fortificado, constituíndo unha especie de anexos con carácter de casa de campo (nota 25).

sería restituída. *Y con el pretexto de que todo esto podría ordenarse y solucionarse mejor en la Rocha Fuerte le indujo, con esta esperanza, a trasladarse con su Cabildo al mencionado lugar de la Rocha* (p. 123).

O cabido fora expulsado da cidade había 2 anos.

*El viernes siguiente, dejando a los procuradores compostelanos presos en la Rocha de Padrón, se trasladó a la Rocha Fuerte para tratar con el concejo compostelano y el traidor Alfonso, en cuya mano estaba totalmente el ceder y el no ceder del Concejo, sobre la dicha paz... diez días transcurrieron en estos tratos...* (p.123)

*El día 15 de septiembre, a hora avanzada se firmó por ambas partes todo lo prometido* (p. 125). O arcebispo entregou aos do concello o pendón de Santiago, para que con el o recibiran como señor da cidade no día seguinte, cando faría a súa entrada solemne. Non obstante, durante a noite, *el traidor, después de haber salido de la Rocha y entrar a hora avanzada en la ciudad de Santiago, convocó a algunos miembros del Concejo y desbarató todo lo establecido...* (p.125).

Roto o acordo, o de Deza decidiu marchar á terra de Nendos pero antes *acudió a la Rocha Fuerte, junto al piadoso padre. El santo varón acababa de decir misa en la capilla de Santa Eufemia...acompañado por su cabildo y algunos de sus vasallos* (p. 125). Explicoulle as novas peticións e por isto foi expulsado da capela polo prelado.

*Ante estos feitos un caballero, mayordomo del Arzobispo, salió de la capilla con aquel; y cuando supo y se cercioró de que la tregua establecida se había roto... ordenó, sin que se enterase en absoluto el santo varón, cerrar bien y vigilar con firmeza las puertas del castillo.* (p. 127)

Chamou a todos os escudeiros da casa, aos que polo castelo había que sabían manexar armas, aos que andaban nos campos *desterrados de la ciudad de Santiago*, crego e laicos e lles ordenou armarse. Caeron sobre os traidores (p. 127-129)

Mataron a Afonso Suárez de Deza e tamén a Martín Martínez; mataron aos 9 reféns composteláns e a outros máis. Deles o cronista cita a 7: Xoán Varela, infanzón -que intentara matar a Landoira cunha saeta- e cuxo pai Paio Varela fora axustizado por insidioso no tempo do anterior prelado; Xoán García de Mesía; Gonzalo Eáns, notario composteláns; 2 irmáns de apelido Andrade. E outros cinco que non cita. (p. 129-131).

*Todo esto fue llevado a cabo en un momento, según lo vi yo que lo describo, sin enterarse el santo varón.*

Para xustificar o feito e a matanza, o cronista relata varios sinais divinos que avanzaron e deron o visto bo a estes feitos:

- Un dos gardas que custodiaban aos procuradores composteláns que estaban presos, tivo unha visión admirable: *vio nada menos que al beatísimo Apóstol Santiago en un caballo blanco, suspendido en el aire sobre lo más alto de la torre del castillo de la Rocha Fuerte; tenía el apóstol un escudo en su brazo izquierdo y en la mano derecha una lanza que blandía amenazante contra la ciudad de Compostela.* (p. 131). Tivo esta visión 3 veces naquela noite.
- Outros viron un gran globo de lume que corría o ceo e logo caía e fulminaba á cidade
- Outro que estaba en vixía *vio al bienaventurado apóstol en la cima del castillo, corriendo con la espada desenvainada.*
- Unha honesta dama tivo tamén unha visión.

Coa morte destes *pérfidos*, os composteláns abriron os ollos e o 27 de setembro, cun gran cortexo, o prelado viaxou á cidade. O concello e os cidadáns o agardaban xunto á igrexa de Santa Susana; alí pediron perdón, entregaron aos traidores e o arcebispo os absolveu das penas que fulminara contra eles e a cidade (p. 137-139)

Días máis tarde, rematadas as paces, o arcebispo volveu á Rocha (p. 141), de onde saíu cara a Padrón. Pouco despois encabezou un exército co que foi tomando terras e fortalezas que aínda se lle resistían.

Parece que levaba máquinas para facilitar o asedio e destruílas<sup>3</sup>.

Segue a crónica facendo relato dos feitos do mandato deste arcebispo que, segundo parece, pasaba tempadas na Rocha Forte, aínda que non proporciona maiores detalles.

---

<sup>3</sup> De feito outras fontes documentais falan de que este arcebispo, no fortalecemento do sistema defensivo da catedral que fixo, mandou construír e instalar máquinas.

**Rodríguez González, A. *O Tumbo Vermello de Don Lope de Mendoza*. Santiago: Instituto de Estudos Gallegos Padre Sarmiento, 1995.**

Este códice contén varios inventarios e relacións dos bens da mesa arcebispal, s. XIV-XV; ofrece información desigual segundo as épocas.

Fols.3r-6v

1398-1405

### **Dereitos e rendas pertencentes á mordomádego da Rocha Forte.**

Contén a relación dos casares que neste tempo deben rendas forais ao arcebispo. Están situados nas freguesías de Laraño, Coucieiro, Covas, Conxo, Bastavales, Brión, Ames, Villestro, Biduido, Vedra, Santa María dos Anxos; son un total de 72 lotes de bens que deben rendas en cereal (uns a porcentaxe da colleita, outros cantidades fixas de cebada, millo,) e diñeiro (polo concepto de benfeitoría e/ou foros e de tributos señoriais como a fogaza). Tamén vexetais (cebolas, e animais (porco, cabrito, galiñas), ovos, etc. **Ver PDF co texto completo.**

Entre eles están:

#O casar de Laraño, na freguesía de San Martiño. Tenno a renda Martiño Martínez, morador en Laraño, por sete anos. Cada ano por seis ochavas de pan, dúas partes en cebeira e unha de millo miúdo e un porco e 30 soldos por el, e un cabrito, 30 ovos e tres galiñas e 12 soldos por fogaza cada ano por foros# (fol. 3r)

#Iten o casar de Rial. Tenno en renda Xoán Pérez, morador en Rial, na freguesía de Laraño, por sete anos que comezan 30 días de xuño da era de 98<sup>4</sup>. Cada ano por 6 oitavas, dúas partes cebeira e o outro tercio de millo miúdo, pola fanega de Toledo rapada, e os foros# (fol. 3v)

*Domingo Freyre, da Rocha, da tres ochavas de pan e los fueros*<sup>5</sup> (fol. 5v)

*Juan Viejo, ortoâao, da XVIII libras e un par de pasaras e vn çiento de ajos e otro de çebollas.*

---

4 Corresponde ao ano 1350

5 As entradas anteriores a esta refírense a Ventin e tamén a seguinte así que non queda claro que isto aluda a un casar na Rocha.

*Domingo Peres, de Castelo, da seys fanegas de pan e LX soldos por fueros*<sup>6</sup>. (fol. 5v)

#Fernan Freyre, ha de dar de la terreria e prestamo de Laraño, XXX libras# (fol. 6r)

Os arcebispos intentaron redondear o seu patrimonio nesta zona tan próxima a Santiago. Así, o arcebispo D. Rodrigo chegou a un acordo con Roi González Mariño da Amaía. Deixoulle de por vida e unha voz os bens de Sardiñeira (Fisterra) e a cambio el cedía o lugar de Lamiño, *que es çerqua de la Rochafuerte*<sup>7</sup> (fol. 46r)

Fol. 60r-79v

1331-1338

*Este he o libro das rendas do arçobispado de Santiago en Galiza*

É unha relación ben completa pero con menos detalle.

*Iten o çeleyro da Rochaforte, que he arrendado por quinentas oytavas de pan e por los foros acostumbrados...*

*Iten as felegresias de Laraño e Còjo, cada año CCC maravedis*<sup>8</sup> (fol. 63v)

...

*Iten ha mays en Galiza, estos castelos e casas fortes e fortalezas.*

*Prymeiramente:*

*a torre de Teys; iten o castelo de San Payo e val trezentos maravedis nas desmas de Redondela e mays a pertegueria e a portagee da Ponte de San Payo... Iten a Rocha de Padron. Iten a torre de dentro da vila de Padron. Iten o castelo da Rochaforte. Iten a Igllesia de Santiago e as torres da praça. Iten a torre da vila de Muro... (fol. 67r).*

Igrexas de presentación total ou parcial polo arcebispo (fol. 75r)

*Iten êno deadgo de Santiago:*

*Primeiramente, toda a igllesia de San Salvador de Cordeiro...*

6 Tampouco quedan claras as localizacións disto. A referencia a Castelo pode ser xenérica ou ben aludir a aldea deste nome en Ames.

7 Parece unha expresión xenérica, pois Lamiño está en Brión

8 Segundo afirma Marta González (no seu libro *El arzobispo*) a expresión “que he arrendado” delata o cada vez menor peso do dominio territorial dentro da tesourería arcebispal. Non está xa baixo control directo dos oficiais dos prelados, senón que se delega a súa xestión a cambio dunha renda anual fixa. Tamén os mordomádegos doutras zonas e mesmo vilas están arrendados

*Iten oytavo de toda a igllesia de San Pero de Bogallido.*

*Iten a quarta de toda a igllesia de Santa Maria de Bedoydo.*

*Iten a terça de toda a igllesia de San Martiño de Laraño*

Fol.80-81r

c. 1409

### **Rentas de San Juan a San Juan**

Relación das rendas que se cobran anualmente computando a partir desta data.

*El çelleiro de la Rocha, renta cada año.* (fol. 80r)

Son case todas as rendas territoriais e xurisdicionais agás os pedidos xerais ou ao clero, as rendas das alcaldías, etc. que van no noso ano natural.

Fol. 82-114v

1435

### **Libro de Remenbrança de rentas e derechos**

É unha relación pormenorizada pero feita desde a óptica do administrador principal da mesa arcebispal; hai, xa que logo detalle, pero só cando é relevante para que o arcebispo, o seu mordomo ou recadador e os seus oficiais centrais tomen as decisións. Pola contra, parece ofrecer datos concretos e actualizados.

*La Rocha Fuerte de Santiago ha estos derechos que se siguen:* (Ver PDF)

# de calquera besta que parta dos portos de Galicia e pase por entre a cidade de Santiago e o Tambre, de cada carga de pescadas, terá unha, a mellor; e da carga de polbos, dous dos mellores ou catro pequenos. E da carga de congrios, tirando o mellor, logo o segundo. E da carga de raias, duas grandes ou catro pequenas. E da carga de sardiñas, vinte sardiñas, frescas ou salgadas. E da *tonina* (atún, golfiño?, balea), un palmo dela, que sexa da *yjada* e unha man de ancho<sup>9</sup>. E todos pagan estes dereitos, agás os veciños de Santiago. Souben que dan en renda cada ano por estes dereitos a Vasco López de Cordido,

---

<sup>9</sup> Podería referirse isto a barbas de balea?, a graxa?



voso alcalde e tenente que agora é da dita casa, mil e douscentos mrs de moeda vella e oito millares<sup>10</sup> de sardiña salgada. E nisto non se inclúe o peixe fresco que ven de Rianxo á cidade, que queda para o alcaide. Asi, que vale agora todo, en renda, cada ano, mil e seiscentos mrs de moeda vella, que son en moeda branca 2666 mrs e 4 coroados# (fol. 87r).

*El çillero de la dicha casa de la Rocha, es agora mayordomo Pero Fernández de Tribaldes, vuestro canónigo,...#* colle e recada as rendas, foros e dereitos do dito celeiro e todas as outras cousas que andan con el; segundo a relación e conta que presentou renda cada ano en pan e millo miúdo 86 cargas de pan, mais ou menos. E mais 4 oitavas e unha rapada de trigo e un carneiro.

Segundo parece, está administrado tamén desde este celeiro as hortas que están baixo a Porta da Trindade e o prado que din do Arcebispo. Unha das hortas a ten agora en prestimonio (préstamo) agora Roi Pelo, escudeiro, e pola outra e polo prado dan en renda 140 mrs vellos, que son en brancas 233 mrs e 2 coroados.

Di o mordomo que rendan os casares do celeiro 280 mrs de moeda vella, que son 466 mrs e 4 coroados de brancas.

Tamén lle pertence un agro xunto ao rio de San Francisco e outros casares, dereitos de presentación e beneficios que non detalla por canto os presentou nun memorial o cóengo Tribaldes e fixo unha pesquisa deles hai pouco tempo. O cóengo debe dar razón delo ao arcebispo, asi como doutras cousas que recada para o prelado # (fol. 87r-88r) (VER PDF)

Fol. A-80 a A-85 (apéndice da edición)

**finais do s. XV**

**Memorial de la renta y serviçios que se pagaban antiguamente por los lugares que thiene la Dignidad arçobispal en las felegrisias de [...] Sante Esteban de Cobas, Ames y otras del Giro de la Rocha**

(Ver PDF)

---

10 Olo, os “millares” medievais non necesariamente son nosos milleiros (de miles).

Esta parte parece unha posta ao día con detalles e datos recentes dese memorial que fixera o cóengo Tribaldes; faise mención explícita á súas xestións e a resposta do arcebispo sobre todo isto.

Hai fincas en Santiago, en Biduído (Ventín, Fraiz, Quistiláns, Beriz?), Villestro (Silvouta), Ames (Ventosa, Vilar, Padrón, Pedras), Covas (Covas, Loureiros, Vilaverde, Capeáns, Conxo (Fornelos), Coucieiro, Bastavales (Reboredo de Cima), Couso. As xa mencionadas hortas e prado en Santiago.

As rendas: “pan terzado” (cebada e millo miúdo), mrs de foros e outras taxas señoriais; ovos, cabritos, porco,..

#Santa María de Conxo: Iten Afonso Eáns de Fornelos, morador na dita freguesía, diso que arrendara a Martiño Fernández de Peralta, en nome do dito señor arcebispo, o casal de Fornelos, por seis fanegas de pan terzado e doce mrs, de foros cada ano. E esto por certo tempo, que era xa cumprido.

Responde o señor que pague o sobredito e mais unha marrá e un cabrito e vinte ovos ao ano

Iten Gómez de Rial, morador na freguesía de Conxo, dice que arrendou de Pedro Fernández de Tribaldes, o casal de Rial, que é nesa freguesía por certo tempo que era xa cumprido; por dúas oitavas de pan terzado e 8 mrs de foros ao ano.

Responde o señor que lle prace manter a renda e que pague mais unha marrá e un cabrito e vinte ovos, este ano e cada ano de aquí en diante

Iten o casal de Tarrío<sup>11</sup>, que é nesta freguesía, que estaba aforado por 40 mrs e despois se renovou por dúas cargas de pan e unha marrá e un cabrito e vinte ovos e 6 mrs de foros. # (fol. A-82r-82v).

Padroádegos (fol. A-83v):

En San Martiño de Laraño, 3 cargas de pan ao ano

En Biduído, 6 fanegas de pan

En Bugallido, 6 fanegas de pan

---

11 Unha anotación posterior di que este sitio pasou a chamarse logo, Os Chouchiños

En Cornande, 4 oitavas de pan e mais 3 libras.

Os casares que son da mesa arcebispal neste celeiro e que están poboados e mostraron arrendamentos son, entre outros,:

Laraño: un foro que fixo Tribaldes a Juan Martínez o Crespo, a Afonso Martínez e a Martiño Eáns de Paredes, cada un nun terzo por súas vidas, anos e voces *a ribeyra que esta êno rio de Sâar contra a igllesia de San Martiño de Laraño con çertas devisôes e terminos por dez maravedis vellos cada ano* (en total 30 mrs) (fol. A-83v)

Os lugares despoboados que pertencen a este celeiro: En Calo, agro do pozo do arcebispo e Santiago, en Covas

Santa Susana: un casal preto de Santa Marta, que *ha gran tempo que esta desprovado* (fol. A-85v)

*Santa María de Conxo: Iten eno lugar de Enfestela, que esta junto con a Rocha Forte de Santiago, hu casal que perteesçe ao dito señor, que esta desprovado.*

*Jacome da Rocha, duas oytavas, hûa marrâ e cabritu, XX ovos e VIII maravedis de foros.*

*Iten êna dita freguesia de Côjo perteesçe ao dito señor outros tres casares que estan junto ao pee da Rocha Forte de Santiago, que estan desprovados, porque lles fazen mal os casteleiros.*

*Juan de Lamas, duas cargas, hûa marra e cabritu, viinte ovos, foros, VIII maravedis. Este dito año ha de dar mais hua carga de pan porque levantu casa.*(fol. A-85v)

**Vásques, Rui.; (Souto Cabo, J. A. ed.) *Crónica de Santa María de Iria.. Santiago de Compostela; Sada: Cabido da S.A.M.I. Catedral: Seminario de Estudos Galegos; Edición do Castro, 2001.***

(Ver imaxes)

Falando do arcebispo D. Rodrigo de Luna e dos moitos traballos *en guerras con os cabaleiros de seu arçobispado* e con os cidadáns de Santiago e o conde de Trastámara, que se levantaran contra el cando acudiu ao chamado do rei:

Querendo recuperar a súa cidade e igrexa *trouxo grande et moi nobres condes consigo, o qual tragiria ben seiscentos omes d'armas et tres mill pioos. Et vieron sobre a cidade, mais non (sse) ousaron de se achegar aa cidade por la grande gente de homes d'armas e homes de pee que ende ajuntaran o conde de Trastamar et os cabaleiros. Et foisse poussar con elles à Rocha de Santiago.*

E logo partíronse, cada un para a súa casa.

Estes condes que se mencionan son o Conde de Lemos (Pedro Álvarez Osorio) e o conde de Benavente.

O arcebispo quedou en Padrón, na Rocha Branca. Segundo este autor -que é contemporáneo aos feitos- tamén os de Moscoso estaban co arcebispo. Alvaro de Soutomaior, Gómez Pérez das Mariñas e Fernan Pérez de Andrade<sup>12</sup>.

Logo o arcebispo morreu e cada un marchou novamente á súa casa. Logo chegou *o irmao do arçobispo de Sevilla*<sup>13</sup> *con quatrocentos omes d'armas, e poso raial en derredor de toda a cidade de Santiago.* E isto sería en 1461; o cerco durou desde Santa María de Marzo ata San Xoán.

*En 1465, Bernal Eáns de Moscoso prendeu ao arcebispo Fonseca e acabou cercando a catedral. En este cerquo morreu moita gente de fora. Et os da iglleja fazian moito mao con huun trabuquo con que tiravan de cima da eglleja: lançava a pedra fasta a Rua do Camiño. Et elles moi fortes en armas, entanto que aos palancates vinan prender os homes et deixavan outros feridos et se tornavan a sua eglleja.*

---

12 Ollo: algúns destes nomes non encaixan coa cronoloxía.

13 Fernando de Acevedo

Vázquez Bertomeu, M. *La hacienda arzobispal compostelana: libros de recaudación (1481-1491)*. Santiago de Compostela: Instituto de Estudios Gallegos "Padre Sarmiento," 2002.

(ver imaxes)

Se ben o Tombo Vermello ten listaxes e memoriais dos bens e dereitos que compoñen a mesa arcebispal, os cadernos que aquí se editan constitúen a transposición ao cotiá deses datos. Son os informes contables presentados polo recadador maior do arcebispo, o oficial encargado de recoller de todas as mordomías, xurisdicións, arrendadores, etc. as cantidades que corresponden a cada ano.

Son varios cadernos diferentes, uns das recadacións a cargo de Francisco Treviño e outros a cargo de Nicolás de Acevedo. Conteñen tanto os ingresos como os gastos de cada un dos períodos dos que renderon contas.

C1, fol. 10v-11r

1481 e 1482

### **Mordomádego da Rocha Forte**

Rendaron este ano o pan e os foros do dito **mordomadego**, de que foi mordomo Fernando García de Ferreirós, veciño de Santiago, segundo a conta que amosou, 32 rapadas de trigo, 380 de centeo e 123 de millo miúdo. 27 marrás, 26 cabritos e 210 mrs vellos de foros.

Do pan (cereal), deu en descargo -quer dicir que gastou- unhas cantidades que deu a Pedro de Acevedo -mordomo e despenseiro do Pico Sacro- 241 rapadas de centeo. Estas cantidades son de xuño 1481-xuño 1482.

Tamén deu a Mestre Bartolomeu, cociñeiro do arcebispo, 16 rapadas de centeo e 8 de millo, por orde do arcebispo. Tamén a Xácome de León, alcaide da fortaleza de Outes, para mantemento e bastimento deste castelo 27 rapadas de centeo.

Todo o resto o vendeu: o trigo a 3 reais a rapada; o centeo a 34 mrs vellos a rapada, e o millo a 18 mrs.

Tamén vendeu os cabritos (14 mrs), e 5 marrás e o resto foi ao Pico Sacro. Da súa conta aínda houbo que descontar o custe do transporte do centeo ao Pico Sacro.

Tamén ten o arcebispo o mordomado da cidade, que agora vai coa portaxe da Rocha:

*Yten tyene el dicho señor arçobispo el mayordomadgo e portajes de la dicha çibdad de Santiago e de la Rocha Fuerte, de lo qual resçeby de Juan Afonso de la Cadena y de Juan de Rubiaos, quinse mill maravedis de pares de blancas del dicho año de ochenta e uno, porque estaban arrendados<sup>14</sup>.*

C1, fol. 23rv-23v

1482 e 1483

### *Mordomádego da Rocha Forte*

Foi mordomo o mesmo Fernando García de Ferreirós, veciño de Santiago, que presentou a súa conta correspondente a estes anos. Son 542 rapadas de todo pan (trigo, centeo e millo). E 27 marrás, 26 cabritos e 210 mrs vellos de foros.

Deu en descargo deste pan, por telo dado a Pedro de Acevedo, mordomo e despenseiro do Pico Sacro, 40 rapadas de centeo. Este foi o pan que lle deu durante 1482 ata que entrou Francisco Ortiz na fortaleza como alcaide. A Ortiz deulle para retenza da fortaleza 224 rapadas de centeo. Tamén deu a Xácome de León, alcaide de Outes, 27 rapadas de centeo; e a Ribas de Miño, 10 rapadas de centeo por orde do arcebispo.

Quedou unha débeda dos labregos, por valor de 13 rapadas de centeo que non puideron pagar. (Consta na marxe que logo si se pagou).

Deu vendido todo o resto do pan (a un prezo que parece considerablemente mellor); tamén deu vendidas 10 marrás e o resto xunto cos cabritos deuse a Dona María de Ulloa e aos seus fillos (os fillos de Fonseca).

Tamén recadou unha lutuosa, a de Xoán Vázquez de Brins, que xa deu vendida por 583 mrs de pares de brancas.

Portaxe da Rocha:

---

<sup>14</sup> Dase a entender aquí que, unha vez desaparecido o castelo, as súas rendas se arrendaron xunto con outras.

*Yten tiene el dicho señor arçobispo el mayordomadgo y portajen de la dicha çibdad de Santiago y de la Rocha Fuerte, de lo qual resçebi de Juan Alfon de la Cadena y de Juan de Rubians, quinze mill maravedis del dicho año de ochenta y dos. Faseseme cargo dellos.*

C2, fol. 7r-7v

1487-91

### *Mordomádego da Rocha Forte*

Nas entradas anteriores constan as entradas correspondentes a propiedades na cidade; desgaxáronse do mordomado do Xiro algunhas fincas na cidade, como o Prado do Arcebispo, algo que xa se intúe na contabilidade anterior.

O mordomo nestes anos é Gregorio de Torres entre 1487 e 1489; rendeu en 1487, 487 rapadas de centeo, 32 de trigo e 51 de millo; no ano seguinte, 477 de centeo, 32 de trigo e 51 de millo; e en 1489, 486 rapadas e media de centeo, 32 de trigo e 51 de millo.

Destas deu a Fernando Rodríguez, alguacil que ten a Torre da Praza (en Santiago), nos anos 1487 e 1488, 120 rapadas ao ano; gastouse tamén coa xente que estivo na igrexa <sup>15</sup> despois do falecemento do provisor ata que chegou o alcalde maior Pedro de Almazán; deu tamén ao Mestre Antón e a Ares da Graña para a despensa do arcebispo, cando estivo en Santiago en 1492; tamén a Balboa, para a despensa (trigo).

Gregorio de Torres vendeu o que quedou, que resultou en 18325 mrs. E mais outros 800 mrs dos *ocho maravedis que pagan los caseros cada año*.

Montan as marrás destes 3 anos , 78 e os cabritos 26 cada ano. Que se deron á señora condesa que pediu as marrás.

Nos anos 1490 e 1491 rendou o mordomado -tornando o millo a centeo en relación de 2 a 1-, 1025 rapadas e medio de centeo, que se deron ao alguacil e ao pazo arcebispal. Vendeuse o resto. As marrás, os cabritos e os ovos coméronse na casa de Acevedo. 800 mrs de foros dos dous anos.

*Mayordomadgo e portadgo de la Rocha. LXXXVII, LXXXVIII, LXXXIX*

*Yten tiene el dicho señor arçobispo el maiordomadgo e portadgo de la dicha çibdad e de la*

---

15 acuartelada?

*Rocha Fuerte el qual tovo arrendado Juan Peyteado, los años de LXXXVII, LXXXVIII<sup>o</sup>, LXXXIX, a diez e seys mill e dozientos maravedis cada año, que montan en los dichos tres años quarenta e ocho mill e seisçientos maravedis, los quales del resibi. Fazeseme cargo dellos.*

#### **1490 e 1491**

*Estovo arrendado el dicho portadgo e maiordomadgo los años de noventa e noventa e uno a Juan de Rubianes, a veynte e un mill maravedis cada un año, que montan quarenta e dos mill maravedis, de que resibi veynte e çinco mill maravedis e mas resçibi çinco mill e seteçientos e veynte maravedis de la renta de çiertas vinas que del quedaron a su falesçimiento, que son todos treynta mill e seteçientos e veynte maravedis; e las viñas estan por los honze mill e dozientos e ochenta maravedis restantes e valenlos bien.*

#### **1489-1491**

*Resçibi de Juan Gubio, maiordomo de tierra de Vendaña, del serviçio que los vezinos de dicha tierra devia a Su Señoria desque fallesçio el alcaide de la Rocha, que son de los años de LXXXIX, XC, XCI, tres mill e quatroçientos e quarenta maravedis. (C2, fol. 8r)*

#### **1486-1487**

*Mordomado de Tabeirós; do recadado polo seu mordomo deuse unha parte a Ortiz, por la retenençia de Monte Sagro quando se paso a la Barrera... e tamén ao alcaide de la Rocha, que se le devia quando salio de la Barrera (C2 fol. 9r-9v)*



**Aponte, Vasco de. *Recuento de las casas antiguas del Reino de Galicia*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1986.**

(ver imaxes)

Esta obra foi redactada como moi tarde contra 1535, por unha persoa vinculada á fidalguía coruñesa.

En referencia a **Sueiro Gómez de Soutomaio**, que liderou a liñaxe dos Soutomaio de Lantaño e casou con Doña Leonor Vázquez (filla de Afonso Vázquez de Ínsua):

*Y tenia un hijo que se llamaba Juan de Sotomayor, que falleció en Castilla, sin hijo ni hija porque no era casado.*

*Quedaban dél tres hermanas: una casola con un hijo del alcayde de la Rocha<sup>16</sup>, la qual era menor y falleció sin generación... (p. 114)*

**Ao falar da liñaxe dos Churruchaos de Deza (p. 129 e ss)**

*Y en el tiempo que fray Berenguel era arzobispo de Santiago, estando en la Rocha, degolló por traición a muchos grandes. El mayor dellos fue Alonso Suárez de Deza, el mayor infanzón de Galicia y el mayor deste linaje. Y quando el rey Don Pedro entró en Santiago, un cavallero que se llamaba Fernán Pérez Churrichán, en la Porta Faxeyras, mató un arzobispo y un deán por mandado del rey Don Pedro; y todo se levantó por lo que hizo el arzobispo fray Berenguel.*

*Y después de muerto el rey Don Pedro, vino el duque de Alencastro, yerno deste rey, a Galicia, trayendo consigo a su muger Doña Constança (hija del rey Don Pedro). Estos Churichanes lo metieron en Santiago y ayudaronle a lo meter en Orense y Tuy. (p. 129-30)*

Refírese esta pasaxe a 3 acontecementos diferentes: as loitas de don Berenguel cos composteláns, liderados por Afonso Suárez de Deza; o homicidio do arcebispo D. Sueiro (que dará lugar a lenda da casa da Balconada) e a invasión de Galicia polas tropas do Duque de Lancaster. Todo sucedido no século XIV.

E continúa: *Y porque eran tan poderosos antes que reynase el rey Don Pedro anse de contar estos cavalleros con los antiguos, aunque no sean tanto como los más antiguos.*

---

<sup>16</sup> Este home non é Álvaro Sánchez de Ávila; podería tratarse do Caamaño que foi alcaide durante un breve tempo.

*El arzobispo fray Berenguel, fraile de la orden de santo Domingo, estando na Rocha, mató a Alonso Suárez de Deza que era al tiempo el mayor infanzón de Galicia. Y mató con él a Juan Varela de Nendos, y a Pedro Fernández de Andrade y a Fernán Perez, su hermano, y a Fernán Pérez de Barcia y a Lorenço Rodríguez de Varçia, y a Martín Rodríguez de Tudela y a Lope Sánchez de Boando y a otros hijosdalgo: fue en la era de mil treçientos y cinquenta y ocho, miércoles, a diez y seis de septiembre. (16-9-1320)*

Segundo indican os editores, hai cousas aquí que non concordan co recollido na Crónica de D. Berenguel, que achega outros nomes.

### **A casa de Andrade**

Comenta con certo detalle os fitos guerreiros de Diego de Andrade -o home que enseñoreu esta casa practicamente durante toda a segunda metade do s. XV-. Sinala varios acontecementos memorables: a batalla de Altamira (1471-6-13) -sendo el segundo nos di o cronista o que mais insistiu en que se dera, a victoria sobre Pedro Pardo (de Cela) cando quiso levantar a torre de Samarugo e *la tercera cuando Garçia Martiz de Barbeyra (por mandado del conde Don Lope), se metió en la Rocha y empeçola a levantar y lo çercó el arzobispo y el conde de Monterrey. Juntose entonçes Diego de Andrade al conde Don Lope, fueron a ellos y levantáronlos de ençima de la Rocha, y ençerráronlos en Santiago asta que llegaron a buen conçierto. (p. 148)<sup>17</sup>.*

Tamén estivo no encontro da Ponte Sionlla, no cerco da Coruña...

### **Sobre a Casa dos Moscoso**

*Y en este tiempo baxaba la hermandad loca, y juntáronse todos los señores en un acuerdo, que eran Fernán Pérez de Andrade, Gómez Pérez das Mariñas, Sancho Sánchez de Ulloa, Pedro Álvarez de Sotomayor y este Lope Sánchez de Moscoso y de Ulloa, de los quales estos tres postreros después an sido condes... y todos juntos anduvieron sojuzgando cada uno sus tierras sojuzgadas por los villanos revelados, asta que obedecieron todos ... Más no pasó un año quando el arzobispo de*

---

<sup>17</sup> Da presenza conxunta de Fonseca e o Conde de Monterrei dedúcese que estes sucesos foron despois dos Irmandiños. Se cadra o Barbeira intentaba unha manobra rápida de encastelamento como a que fixera en Altamira. Isto debe ser nesos anos de guerra do arcebispo vs. Moscoso

*Santiago Don Alonso de Fonseca demandó a este Lope Sánchez todo quanto él tenía; y como era moço, no sabía mucho, pero era franco y esforçado y tenía muy buenos hidalgos...(p. 179-180)*

Como a Irmandade derrocara as fortalezas non tiñan lugar onde acollerse para defenderse contra o arcebispo. Lope Sanchez, García Martiz (o seu principal cabaleiro) e outros acordaron meterse secretamente en Altamira con *escuderos y peones y azadoneros y vituallas, y se metiese una noche en Altamira, que era la cabeza del estado, y ansi lo hiço. Y quando fue mañana tenía hecho un muro de piedra lousa y no ancho, de una braza de alto, y una caba de otra braza de alto, que no tardaron dos horas en hacerse.* (p. 180)

Continúa a crónica cun relato pormenorizado e vivído do cerco do castelo e da chamada batalla de Altamira. Estes feitos tiveron lugar, xa que logo, en 1471.

Durante esta batalla houbo unha certa confusión e os do bando arcebispal acabaron repregándose a Santiago, *quedando de su parte muchos muertos, heridos y presos. Más su alférez quedó con el pendón solo en el campo, que era el muy honrado castellano Alvaro Sánchez de Ávila, el qual se decía alcaide de a Rocha. Cargaban todos los contrarios sobre él, mas nunca le pudieron quitar el pendón de las manos asta derrocarle y ferirle en la cara y en las manos; pero en el cuerpo no le pudieron ferir porque iba muy armado. Pero dábanle tan grandes golpes por ençima de las armas que lo façían enfraqueçer; y lo mataran de todo punto si no fuera el señor Diego de Andrade que se lo sacó de las manos, porque no quería largar el pendón. Y llevolo a su tienda y lo hiço curar y lo trajo a la Puente de Eume, y sobre su fe dejolo venir a Santiago* (p. 186)

Segundo parece o pendón de Santiago quedou un pouco desbaratado pero dalí a poucos días foi secretamente deitado no altar de Santiago.

Visto o desbarate dos arcebispais, os de Altamira, ao mando de García Pérez de Costela, correron a terra. Os cabaleiros se foron ata Santiago e ali se despediron e cada un marchou para a súa casa. Pouco despois os cabaleiros volveron a xuntarse para axudar ao de Moscoso a recuperar o seu estado. A Crónica relata con certo detalle as estratexias para a conquista das fortalezas nas p. 187 e ss.

O de Moscoso tivo bastante existo e se gababa de terlle tomada a terra ao arcebispo; segundo os editores este conxunto de feitos teñen lugar entre 1471 e 1475.

*Os cabaleiros acabaron pelexando entre eles, e marcharon ao bando arcebispal contra o Moscoso. Y ellos idos, todos cinco levantaron la fortaleza de Montesagro<sup>18</sup>, una legua del rio da Ulla, que está muy çerca de Cira. (p.192)*

*Tras o cerco de Alcobre, marchou o conde de Altamira, y llegado a su casa pidiole García Martiz treinta escuderos con sus cavallos y setenta o ochenta peones, aquellos que él nombrase, y que él pondría por obra lo que le tenía prometido, y que le diese vituallas para quinze días. Y dándosele todo lo que él demandó, fuese a meter en la Rocha, media legua de Santiago. Y allí cortaron tantas silvas y tojos y espinos que, con veinte o treinta pedreros que llevaba, quando començo a rayar el sol, tenía echa tal defensión y baluarte que se atrebían a esperar qualquier combate. Pues como los de la çiudad que venían catar las bestias al monte vieron esto, fueronlo a deçir a Santiago. Salió el arçobispo con toda su gente pescudando quien era. Metieron todos: “Moscoso, Moscoso”. Amenazolos el arçobispo, y respondiolo García Martiz que Dios era grande y que mantuviese Dios al conde y a sus valedores, que no se havían de façer las cosas de la manera que él pensaba. Y luego el arçobispo ymbió por el conde Don Sancho Sánchez de Ulloa, que le trajo muchos de los Pardos y Rivadeneyras, que cercaron la Rocha. Y luego el conde Don Lope ymbió por el señor Diego de Andrade, que muy presto fue con él con ciento y catorce de a cavallo, haviendo pasado una noche fuerte desde la puente de Sigueiro asta a Maya.*

*Otro día de mañana juntose con el conde. Y García Martiz como lo supo salió de la Rocha con sus treinta de a cavallo y juntose a ellos y todos juntos fueron a sentar en la Rocha, estando el arçobispo en la ciudad de Santiago con todo su bando. Y desde allí se conçertaron y igualaron con él, que él mandase derrocar la fortaleza de Alcobre con condición que ficase libre la Rocha al arçobispo. Y así se hiço, y cada uno se fue libre para su casa.*

Fonseca levantara Alcobre para controlar Cira

---

18 Como ben lembran os editores esta fortaleza a fixo o arcebispo pero o motivo foi o mesmo: controlar Cira, que é dos Moscoso de Altamira.

**Rodríguez González, A.: *Las fortalezas de la Mitras compostelana y los "Irmandiños"*. A Coruña: Fundación Pedro Barrie de la Maza Conde de Fenosa, 1984. 2 vol.**

### **Tomo I**

Interrogatorio presentado polo procurador do arcebispo de Santiago. Ver interrogatorio completo no PDF. (páx- 17-33)

Interesa a pregunta nº 11.

11ª- Si saven que la fortaleza de la Rocha Fuerte de a par de la çiudad de Santiago al tienpo y saçon quel dicho señor Patriarca<sup>19</sup> ubo el dicho arçobispado e mucho tienpo antes estaba llebantada e muy bien edificada todo de cantaria de piedra de grano con su mezcla de cal y argamasa la qual hera la mas grande e mas fuerte fortaleza de todo el Reino de Galizia e que abia en ella un bara de casa torre de menaxe de quatro bobedas y mui gruesa pared con tres çercas y ençintos alderredor en que abia nueve torres alliende de la bara de casa todas ensobradas con sus bobedas y almenas y coronada con sus guirnaldas y en ellas sus cubos todos cubiertos e texadas de las quales una se dezia la torre nueva y otra de Santa Ofemia, en que estaba la iglesia de la adbocacion de la dicha sancta y abia sus cabas y barbacanas, puertas, conpuertas e baluartes e una mina que benia debaso de tierra desde la fortaleza hasta el rio y abia caballerizas donde cabian mas de dozientos caballos y palaçios y hedefiçios de serbiçio y aposento para mas de dozientos onbres e mucho pertrechos e munijiones y que tal bino la dicha fortaleza a poder del dicho señor Patriarca y la poseio e tubo en ella sus alcaldes e merinos por mas de diez o doze años asta que la tomaron e derribaron. Digan e declaren que otro edefiçios abia y quien la derribo y la causa porque la derribaron y lo mas que saben a la dicha pregunta. (páxs 24-25)

A seguir, as declaracións testificais.

---

19 O Patriarca é Afonso de Fonseca II, que logo foi Patriarca de Alexandría; o arcebispo de Toledo é Afonso de Fonseca III e o de Santiago, Xoán Tavera.

Juan Prateiro. Veciño de Santiago. 80 anos.

4ª.- *Que conosció e tubo notiçia de dichas fortalezas e casas fuertes de la Rocha Fuerte de Santiago e Rocha Blanca del Padron... porquel testigo los a visto y estubo en ellas y en algunos dellos muchas vezes.*

5ª.- *Que save y hes verdad que las dichas fortalezas de la Rocha Fuerte de Santiago y la Rocha Blanca del Padon...antes e al tiempo quel dicho señor arçobispo de Santiago que agora hes subçediese en el dicho arçobispado... ellas estavan derrocadas y al presente lo hestan y de mucho tiempo antes y no se avitan ny ay cosa en ellas para poder avitar...(páx. 41)*

10ª.- *Que vido que al tiempo quel dicho señor Patriarca vino a tomar la posesion y ser arçobispo del dicho arçobispado de Santiago las fortalezas de la Rocha Fuerte ... estaban ya derrocadas y se derrocaran por una hermandad e ayuntamiento de gente que se llebanto en este Reino de Galizia... dize este testigo que antes que la dicha Rocha Fuerte derrocada por la dicha hermandad, el testigo la vio muchas vezes y estubo en ella y dize que hera la mejor fortaleza que avia en este arçobispado de Santiago y muy fuerte, que tenia seis torres y en medio dellas una bara de casa omenaje e toda labrada de cando e vio que tenia si caba e que no se acuerda si heran tejadas o no, ni de que arte...(páx.41)*

**Gomez de Goyanes. Clérigo. Vecino de San Martiño do Grove. 85 anos.**

2ª- *... save y a notiçia de todas las fortalezas y casa fuertes contenidas en la dicha pregunta, porquel testigo las a visto e estado en ellas... (páx. 43)*

3ª... *E que vido quel dicho señor Patriarca hizo la casa e fortaleza de Monte Sagro de nuevo, de la piedra que se llebo de la fortaleza de la Rocha Fuerte...(páx. 45)*

Sobre como derrocaron as fortalezas ver PDF pag. 46.

5ª... *E que ansimismo bido la Rocha Fuerte llebantada en tiempo de don Rodrigo de Luna, arçobispo que fue deste dicho arçobispado e en tiempo de don Alonso de Fonseca, arçobispo que fue de Sevilla y en tiempo del Rmo. Patriarca don Alonso de Fonseca, siendo arçobispo del dicho arçobispado. Preguntado que tal hera diço que hera muy fuerte e que tenia su bara de casa e torre de omenaje muy rezia y grande y otras torres alderredor, que no save cuantas, con su cerca e baluarte alderredor e su caba e que abia dentro una capilla muy onrada de Sancta Ofemia de bobeda y que la*

*torre del omenaje hera de canteria e que no miro si lo del ençinto hera de argamas si de calicanto mas da quanto le paresçio que tendria alderredor mas de çinco o seis torres y que bido que la trabucaron tres trabucos que daban en ella y que no la derrocaron entonçes y que hestaba sobre ella trabucando el conde de Trastamara e otros caballeros y gente que hestavan con el y aquella vez no la pudieron tomar, e que despues en tiepo de dicho señor Patriarca la derribo dicha hermandad fuzquenlla, pero que no se allo a ello presente, e que entonçes hera alcaide della Alvaro Sanchez da Vila, por el dicho Patriarca, e que oio dezir que lo hizieron por mandamiento del rey don Enrique... (páx. 46)*

**Pedro Fernández de Castroverde. Cardeal da Igrexa de Santiago. 75 anos**

*2ª-...podra aver veinte años... entro en la dicha casa y torre de Monte Sagro... hera una torre como agora esta que tiene su suetano y sobrado...(páx.54)*

*4ª-...que podiera aber çincoenta y çinco años poco mas o menos tiempo que vido la fortaleza de la Rocha Fuerte y que la vido del camino françes que va para Padron e que al dicho tiempo que la vido le paresçio que hera y estaba lloantada con sus torres e muy fuerte e muy buena e que despues vido la dicha fortaleza de la Rocha derribada y las torres della caidas por el suelo enteras y que heran echas de canteria por de fuera y argamasa por de dentro...y que las otras dichas fortalezas de Rochas este testigo oio dezir por muy publico que la derrocaran la dicha hermandad fuzquenlla... (páx 55)*

*18ª- que cree que si agora obiesen de fazer las dichas fortalezas de la Rocha Fuerte y Rocha Blanca como antes estaban y la Torre nueva de Santiago no se faria por diez cuentos de maravedis... (páx.56).*

**Fray Bartolomé. Frade do mosterio de Santa María a Nova en Santiago. 80 anos .**

*4ª- ... dize el testigo que supo e vio la Rocha Fuerte de a par de la çiudad de Santiago porque estubo muchas veces dentro dellas e que tenia nueve torres e una vara de casa y que oyo dezir que la abia echo el arçobispo don Beringuel e que hera de piedra labrada e bio el testigo que abia dentro della una capilla de la abocaçion de Sancta Oufemia, fecha de bobeda, e que despues que este testigo la vio segun dicho hes, la vio derrocada y que la derrocara la hermandad y los caballeros y la çiudad*

*de Santiago con tres trabucos que la trabucaron y derribaron y dize que se derroco despues çierto tiempo, de quanto no es acordado. (páx. 58).*

#### **Fernando Falcón el Viejo. Vecino de San Xoán de Roo. 100 anos.**

*4<sup>a</sup>- que lo save hes que podera aver setenta o sententa y çinco años que vido la Rocha Fuerte de çerca de la çibdad de Santiago e que la bido levantada e iniesta mas quel testigo no entro dentro dellas mas de quanto la vido de fuera e que bido la bara de casa, la qual hera muy alta e fuerte e que oyo dezir al dicho tienpo a algunas personas de que al presente no es acordado de sus nonbres que avia una mina que salia de la dicha fortaleza al rio por donde llevaban a beber los caballos al dicho rio e iban por agoa e dize el testigo que bido ansimismo una torre que se dezia torre Nueva que fiziera el arçobispo don Rodrigo de Luna e que dezian que tenia tres sobrados, la qual dize hera labrada de canto por de fuera e que hera almenada e que la dicha fortaleza de la Rocha e Torre Nueva dize el dicho testigo que la vido despues derrocadas e oyo dezir publicamente que las derrocara la hermandad y esta çibdad... (páx. 60)*

#### **Pedro Gómez. Cóengo da Igrexa de Santiago. Máis de 70 anos.**

*4<sup>a</sup>- .. que vido la Rocha Fuerte de a par de la dicha çibdad levantada el qual dize que hera muy fuerte e muy torreado e que se acuerda de una capilla que en ella estava que se llamaba de Sancta Eufemea e de una bara de casa muy grande que vido estava e que la dicha capilla hera de bobeda e que la dicha bara de casa hera de piedra labrada e almenada e el adarbe de la dicha fortaleza ansimismo de piedra labrada de piedra de grano todo e que tenia dos cabas, la una llena de agoa que no se le podia quitar y la otra seca e que le paresçe que tenia su barbacana y que aquella no hera de canto e que aquella fortaleza hazia estar quedo a los de la çiudad e de la tierra e fuera la mayor perda que se hizo a la Iglesia y que hera alcaide della Alvaro Sanchez de Avila al tienpo que la vido el dicho testigo e que seria al dicho tienpo el dicho testigo de doze años, el qual alcaide fuera en tienpo del arçobispo don Rodrigo e despues ansimismo lo fue en tienpo del Patriarca siendo arçobispo de Santiago e dize el dicho testigo que estando la dicha fortaleza segun e de la manera que dicho tiene en tienpo del arçobispo don Rodrigo algunos caballeros deste dicho arçobispado espeçialmente los señores de la casa de Moscoso y Montaos y los desta çiudad de Santiago le çercaran y combatieran y*



*no la pudieran tomar y que despues en tiempo de dicho señor Patriarca se llebantara la dicha hermandad loca y se pusieron sobre ella y la derrocaran y tomaran siendo alcaide della por el dicho Alvaro Sanchez un Hinojedo e ansi la tomaron e poseieron e posieron por el suelo segund que agora esta... (páxs. 63-64).*

**Juan Besteiro. Labrador. Veciño de San Vicenzo de Berres. Máis de 70 anos.**

Sobre como derrocar fortalezas ver PDF pag. 67

*1ª-... alcaide de la Rocha despues del que se dezia Alvaro Sanchez... (páx. 67).*

**Sancho Gago. Notario de Pontevedra. 58 anos.**

*3-... Que save del castillo d'Oeste e Rocha Fuerte de Santiago e Rocha Blanca del Padron, las quales bido el dicho testigo derrocadas e ansi be que lo hestan al presente por el pie, porque el testigo no las bido llebantadas... (páx. 69)*

**Antonio Gonzalez. Notario de Pontevedra. 58 anos.**

Viu o sitio onde estibo lebantada a Rocha Forte. Non a viu levantada. (páx.72).

**Juan de Albeiros. Zapateiro. Veciño de Pontevedra. 58-60 anos**

Viu o lugar da Rocha Forte pero non a viu levantada. (páx. 75)

**Pedro de Toutón. Mareante. Veciño de Pontevedra. 80 anos ou máis .**

*4ª- que bio el sitio donde fue echa la dicha Rocha Fuerte e la piedra que della saliera alderredor della pero quel testigo no la vido llebantada... (páx. 78)*

